

A ópera electrónica 'Papagena' pecha a súa xira de inverno co foco no Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller

Papagena, inspirada nas persoas-paxaro d'*A frauta máxica* de Mozart, é un espectáculo con perspectiva de xénero que narra a historia dunha parella engaiolada nunha relación tóxica

As vindeiras funcións desta ópera en galego de pequeno formato van ser en Boiro, Bueu e Foz os días 18, 19 e 25 de novembro, respectivamente

Papagena, que rematará a súa xira o 25-N, pretende rachar tamén cos clichés asociados ao mundo da lírica: a lingua, os espazos de representación, o público ou o formato



Foto de escena da ópera electrónica *Papagena* © Miramemira

16 de novembro de 2022.- Logo de itinerar por unha ducia de vilas galegas, *Papagena*, á última creación da compañía ButacaZero, dirixida por Xavier Castiñeira e Esther F. Carrodegua, vai pechar a súa xira de inverno con tres funcións enmarcadas nas accións do 25-N. Así, as vindeiras funcións van ser en **Boiro este venres 18**, en **Bueu o sábado 19** e en **Foz, coincidindo co Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, o venres 25 de novembro**.



Esta **ópera electrónica en galego con perspectiva de xénero** narra a historia dunha parella engaiolada nunha relación tóxica que está inspirada na persoas-paxaro da célebre *A frauta máxica* de Mozart. O elenco está formado pola soprano **Esperanza Mara** e o barítono **Jacobo Rubianes** que actúan acompañados no escenario por **Iago Hermo**, compositor da ópera e do libreto e tamén director musical da peza.

A peza, **na que Castiñeira e Carrodegas asumen por primeira vez a dirección escénica dunha ópera**, nace da vontade de afondar nos clichés de xénero presentes no eido da creación operística, mais tamén **pretende rachar con outras percepcións habitualmente asociadas ao mundo da lírica**: a lingua, os espazos de representación, o público destinatario ou mesmo o formato. Para conseguilo, Iago Hermo deseñou unha ópera electrónica, baseada nas súas investigacións arredor do espectralismo minimalista. O resultado, coa colaboración de Ana Arteaga na escenografía e de Diego Valeiras no vestuario, é un espectáculo **musicalmente inmersivo e visualmente contemporáneo** que está a levar a ópera a vilas onde non adoita chegar este estilo musical.

Concibido para público adulto e adolescente, a trama de **Papagena** expón unha relación marcada polos celos e o control e narra o proceso que leva ao personaxe interpretado por Esperanza Mara a se liberar da súa cárcere vital. Un dos maiores avances político-social dos últimos tempos, a loita contra o sexismo, é a base para analizar e reescribir a Papagena mozartiana e darlle as ás que lle permitan voar e escapar da gaiola. Hai tamén na ópera de ButacaZero unha mensaxe clara que nas redes sociais da compañía condénsase no cancelo #nonsexaspapageno.

Coas vindeiras funcións en **Boiro** (18 de novembro), **Bueu** (19 de novembro) e **Foz** (25 de novembro), **Papagena** vai pechar unha intensa xira de inverno que comezou en setembro en Rianxo e que xa levou a peza ata unha ducia de vilas galegas ao longo do trimestre. Todas as datas, horarios e sistema de acceso ás funcións de **Papagena** están dispoñibles na páxina web da compañía, butacazero.net.

APOSTA POLA CREACIÓN EMERXENTE E O TERRITORIO

Con esta nova produción, unha **ópera galega e en galego**, ButacaZero mantén a súa aposta polo **risco escénico, pola creación emerxente** a través da colaboración con artistas de Galicia e pola **creación vinculada á temática social e cunha fonda implicación no territorio**. Neste sentido, un dos principais obxectivos da compañía viguesa é construír país arredor da cultura. Para iso, adaptouse a ópera contemporánea á realidade social galega, levándoa, ao longo deste trimestre, a espazos non convencionais para a súa representación. Ademais, a entrada está a ser de balde en case todas as funcións para favorecer, deste xeito, o achegamento á ópera tanto do público adolescente coma adulto.

PAPAGENA BOIRO | Venres 18 de novembro | 21 h | Entrada libre ata completar o aforo
Casa da Cultura 'Ramón Martínez López' [Av. da Constitución, 30, Boiro]

PAPAGENA BUEU | Sábado 19 de novembro | 20 h | Entrada libre ata completar o aforo
Centro Social do Mar [Rúa de Montero Ríos, Bueu]

PAPAGENA FOZ | Venres 25 de novembro | 20.30 h | Entrada libre ata completar o aforo
Casa da Cultura [R. de Lugo, 1, Foz]

CONTACTO DE PRENSA BUTACAZERO

The Office Comunicación
Bea Pérez | 604 070 409
Luísa Castiñeira | 620 113 155
Lucía Pita | 675 404 321
prensa@theofficeco.es

KIT DE PRENSA 'PAPAGENA' | <https://cutt.ly/Papagena>

MATERIAL DE VÍDEO PARA TV | <https://cutt.ly/PapagenaTV>

TEASER DE PAPAGENA | <https://youtu.be/6tSt2DGzMRw>